

PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

2º ESO

CPI DO TOURAL

2022-2023

ÍNDICE

○ Introducción	3
○ Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
○ Obxectivos	5
○ Relación dos estándares de aprendizaxe disponibles que forman parte dos perfís competenciais. Concreción de graos mínimos, criterios de avaliación, temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar de aprendizaxe available.....	7
○ Temporalización	16
○ Concrecións metodolóxicas	17
○ Materiais e recursos didácticos	18
○ Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	19
○ Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	20
○ Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia Pendente	21
○ Medidas de atención á diversidade	22
○ Concreción dos elementos transversais	23
○ Actividades complementarias e extraescolares programadas	24
○ Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia en períodos de peche dalgunha aula ou do centro, no contexto da covid-19.	24
○ Recursos humanos, profesorado	26

INTRODUCCIÓN

Malia algunhas materias do currículo recollerem contidos relacionados coa procura e o tratamento de información, existe a necesidade de intervir de xeito decidido para que todos os alumnos e todas as alumnas desenvolvan habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia. O alumnado chega ao ensino secundario obrigatorio cunha bagaxe moi diversa no que se refire ao uso, o tratamento e a produción da información. A experiencia previa neste eido vai estar determinada pola vivencia anterior nunha biblioteca escolar, con programas de traballo coa información ou ligada ás prácticas metodolóxicas activas ou de traballo por proxectos, que implican a consulta de fontes informativas diversas, fóra do libro de texto.

A competencia mediática e informacional engloba o coñecemento, as actitudes e a suma de habilidades necesarias para saber cando e que información é necesaria, onde e como obter esa información, como avaliala criticamente e organizala logo de atopala, e como usala de xeito ético. O concepto esténdese alén das tecnoloxías da información e da comunicación, abrangendo a aprendizaxe, o pensamento crítico e as destrezas de comprensión que cubran e superen as fronteiras profesionais e educativas. Inclúe, ademais, todos os tipos de fontes: orais, impresas e dixitais. A complexidade desta competencia que, segundo a UNESCO, está conformada por tres alfabetizacións básicas (informacional, mediática e dixital), aconsella un tratamento exhaustivo ao longo dos períodos educativos obrigatorios e postobrigatorios, así como nos estudos universitarios e na educación non regrada (coa implicación do sector bibliotecario da rede de lectura pública). Pola súa parte, a Comisión Europea, no seu marco común de referencia para as competencias dixitais (DigCOMP), publicado en 2013, recolle cinco áreas competenciais das cales dependen vinte e cinco competencias. As competencias informacionais e mediáticas están plenamente integradas neste documento de referencia.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia Investigación e Tratamento da Información facilita o tratamento, de forma intensiva dos contidos que constitúen a cerna da denominada competencia informacional. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor son as máis beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais. De todos os modos, un tratamento interdisciplinar destes contidos, tal e como se propón, beneficiará a adquisición de todas as competencias clave.

OBXECTIVOS

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVAILABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

CONCRECIÓN DE GRAOS MÍNIMOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.

TEMPORALIZACIÓN, GRAOS MÍNIMOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO									
ETAPA		E.S.O.							
NIVEL		2º			ÁREA		Investigación e tratamento da información (INETIN)		
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	PESO	C.C.	
Bloque 1: A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital									
INEIN-B1.1	INEINB1.1.1 - Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de información.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CCL CD CAA	
INEIN-B1.1	INEINB1.1.2 - Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos grupais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións procedementais.	1,66 %	CCL CD CAA CSIEE CCEC	
INEIN-B1.2	INEINB1.2.1 - Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo,			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CSC	
INEINB1.3	INEINB1.3.1 - Diferencia		X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	1,66 %	CD, CAA,	

	os documentos informativos en función do seu contido.					INSTRUMENTOS: Posta en común.		CSIEE
INEINB1.3	INEINB1.3.2 - Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas	Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CCL, CAA
INEINB1.3	INEINB1.3.3 - Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais	Accede a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observador externo. INSTRUMENTOS: Observador externo.	1,66 %	CAA, CSIEE
INEIN-B1.4	INEIN1.4.1 - Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	Distingue as ideas principais nos documentos consultados.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	1,66 %	CCL, CAA
INEIN-B1.4	INEIN1.4.2 - Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	Recupera contido informativo dos recursos dixitais.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B1.5	INEIN1.5.1 - Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes	Identifica a autoría de textos ou imaxes	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CSC, CAA
	Bloque 2: Fontes informativas. Localización e selección							
INEIN-B2.1	INEIN2.1.1 - Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CCL, CAA
INEIN-B2.1	INEIN2.1.2 - Recupera facilmente os documentos que precisa.					PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,66 %	CSIEE, CAA
INEIN-B2.2	INEIN2.2.1 - Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.					PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:	1,66 %	CSIEE, CAA, CD

INEIN-B2.2	INEIN2.2.2 - Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca					PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:	1,66 %	CSIEE, CAA, CD
INEIN-B2.4	INEIN2.4.1 - Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información	Usa internet para resolver necesidades de información	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,66 %	CSIEE, CAA, CD
INEIN-B2.4	INEIN2.4.2 - Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CD
INEIN-B2.5	INEIN2.5.1 - Establece un sistema de procura eficaz de información.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CD, CAA, CSIEE
INEIN-B2.5	INEIN2.5.2 - Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web	Utiliza palabras clave para localizar información na web	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Escala de valoración e anotacións.	1,66 %	CD, CAA
INEIN-B2.5	INEIN2.5.3 - Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.					PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,66 %	CD, CAA
INEIN-B2.5	INEIN2.5.4 - Emprega prensa e revistas dixitais		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos	1,66 %	CD, CAA

	como fonte informativa					alumnos/as. INSTRUMENTOS: Anotacións.		
INEIN-B2.6	INEIN2.6.1 - Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as cales foron creadas: educativa, participativa, et					PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Anotacións procedimentais.	1,66 %	CD, CSC, CSIEE
INEIN-B2.7	INEIN2.7.1 - Navega pola internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,66 %	CD, CSC, CSIEE
INEIN-B2.8	INEIN2.8.1 - Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc		X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,66 %	CD, CCL, CAA
INEIN-B2.9	INEIN2.9.1 - Emprega as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,66 %	CD, CSC
INEIN-B2.10	INEIN2.10.1 - Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede	Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumnado. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,66 %	CD, CCL, CAA
INEIN-B2.10	INEIN2.10.2 - Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.					PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e posta en común.	1,66 %	CD, CCL, CAA
	Bloque 3: Organizarse para investigar							

INEIN-B3.1	INEIN3.1.1 - Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e posta en común.	1,66 %	CSIEE, CAA
INEIN-B3.2	INEIN3.2.1 - Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar	Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e posta en común.	1,66 %	CCL, CAA
INEIN-B3.3	INEIN3.3.1 - Escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	Escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra e respecta as opinións das outras persoas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de valoración e rexistro de datos.	1,66 %	CCL, CAA, CSC
INEIN-B3.3	INEIN3.3.2 - Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	Responsabilízase das tarefas que lle corresponden.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,66 %	CCL, CSC
INEIN-B3.4	INEIN3.4.1 - Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CCL, CAA
INEIN-B3.5	INEIN3.5.1 - Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CCL, CAA
	Bloque 4: Procura e tratamento da información.							
INEIN-B4.1	INEIN4.1.1 - Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	Identifica o tipo de información que precisa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Caderno de clase ou portafolio.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.1	INEIN4.1.2 - Localiza os recursos dispoñibles e	Localiza os recursos dispoñibles para a súa necesidade informativa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	1,66 %	CCL, CAA,

	acordes á súa necesidade informativa.					INSTRUMENTOS: Valoración do traballo de aplicación e síntese.		CD
INEIN-B4.1	INEIN4.1.3 - Concreta o proceso de procura de información		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro de datos e anotacións.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.1	INEIN4.1.4 - Escolee os recursos informativos que precisa de forma eficaz	Escolee os recursos informativos que precisa	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.2	INEIN4.2.1 - Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.					PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.2	INEIN4.2.2 - Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.					PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: posta en común.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.3	INEIN4.3.1 - Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (veracidade, fiabilidade, etc.).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica do traballo de aplicación e síntese.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.4	INEIN4.4.1 - Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	Sintetiza a información atopada.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B4.5	INEIN4.5.1 - Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,66 %	CCL, CAA, CD, CSC,

								CCEC
	Bloque 5: Xeración de contidos e comunicación.							
INEIN-B5.1	INEIN5.1.1 - Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada	Realiza esquemas e guións para organizar a información.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B5.2	INEIN5.2.1 - Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B5.3	INEIN5.3.1 - Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B5.4	INEIN5.4.1 - Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	1,66 %	CCL, CAA, CD
INEIN-B5.4	INEIN5.4.2 - Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	Elabora textos mediante un procesador de textos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro de clase.	1,66 %	CCL, CD
INEIN-B5.5	INEIN5.5.1 - Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de valoración e rúbrica do traballo.	1,66 %	CCL, CD
INEIN-B5.5	INEIN5.5.2 - Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado	Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	1,66 %	CCL, CD, CAA

	dos seus traballos de investigación.					INSTRUMENTOS: Rúbrica do traballo de aplicación e síntese.		
INEIN-B5.6	INEIN5.6.1 - Cita con corrección os libros consultados			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	1,66 %	CAA, CD, CSC, CCEC
INEIN-B5.6	INEIN5.6.2 - Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas da internet, autoría de imaxes, etc				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumnado. INSTRUMENTOS: Anotacións.	1,66 %	CAA, CD, CSC, CCL
INEIN-B5.7	INEIN5.7.1 - Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica do traballo de aplicación e síntese. Investigacións.	1,66 %	CD, CCEC
INEIN-B5.8	INEIN5.8.1 - Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbricas e rexistro anecdótico (anecdótico).	1,66 %	CD, CCL
INEIN-B5.9	INEIN5.9.1 - Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	Participa na presentación oral dos traballos elaborados.			X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Anotacións da exposición oral.	1,66 %	CD, CSIEE
INEIN-B5.9	INEIN5.9.2 - Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo	Respecta o traballo alleo.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CCL, CSIEE, CSC
INEIN-B5.9	INEIN5.9.3 - Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora o seu traballo.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	1,66 %	CCL, CSC

INEIN-B5.10	INEIN5.10.1 - Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.				X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CAA, CSIEE
INEIN-B5.10	INEIN5.10.2 - Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.			X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	1,66 %	CAA, CSIEE
INEIN-B5.10	INEIN5.10.3 - Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	Valora con respecto o traballo das outras persoas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	1,66 %	CAA, CSC
INEIN-B5.10	INEIN5.10.4 - Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Valoración do traballo de aplicación e síntese.	1,66 %	CAA, CSIEE

TEMPORALIZACIÓN

Considerando que a materia ten 1 sesión semanal, o total de sesións no curso será ao redor de 33 sesións, 11 en cada trimestre, no mellor dos casos, en función do horario correspondente. Considerando que as dúas primeiras sesións deberían empregarse para a avaliación inicial e que un 10% das sesións perderanse por diversos motivos (actividades complementarias, festivos...), a temporalización do proceso de ensinanza dos diferentes temas e contidos será a seguinte:

Primeira avaliación

Os arquivos municipais e provincias como fontes informativas, localización e selección da información. Outras fontes informativas: os nosos maiores, familias, veciñanza, ...

Fases dunha Investigación.

Proxecto de Investigación conectado co Patrimonio Inmaterial na busca de fotografías antigas de Vilaboa.

Proxecto de educación para o desenvolvemento sustentable. Búsqueda e tratamento de información para este segundo proxecto.

Segunda avaliación

Proxectos en torno aos ODS e a Axenda 2030.

Tercera avaliación

Xeración de contidos sobre os proxectos, comunicación e difusión.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía por proxectos resulta a máis adecuada para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan ao alumnado a situacións de contacto coa información para as que debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

A nosa metodoloxía pretende desenvolver competencias lingüísticas, culturais, sociolingüísticas e pragmáticas para que o noso alumnado sexa capaz de ser autónomo dentro e fóra das nosas fronteiras. Como estratexias fundamentais para abordar a práctica diaria na aula plantexamos o traballo por Proxectos Globalizados, o que implicará determinar os obxectivos, contidos, criterios e instrumentos de avaliación do alumnado, de elección de materiais e recursos necesarios, actividades complementarias, medidas de atención á diversidade, así como a propia avaliación do proxecto, para contar cun feed-back, que contribúa ao enriquecemento do proxecto nas súas sucesivas aplicacións. Potenciarase o interese, a responsabilidade e o esforzo do alumnado na adquisición das aprendizaxes.

Procuraremos unha dimensión interdisciplinar e un enfoque globalizador que permita abordar as aprendizaxes no seu contexto. Desenvolvemento de actuacións que permitan unha metodoloxía activa e flexible, facendo realidade o principio xeral de atender á diversidade do alumnado, facilitando a aprendizaxe individual e fomentando estratexias de cooperación e a participación responsable do alumnado nas aprendizaxes. Potenciamos o

uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso metodolóxico de reforzo das aprendizaxes instrumentais.

Debido á situación extraordinaria na que nos atopamos actualmente coa declaración de pandemia, adaptaremos a nosa actividade lectiva aos diferentes posibles escaenarios: ensinanza presencial, semipresencial ou telemática.

No suposto de que, como no curso pasado, debido a pandemia, se dese a situación de supresión das clases presenciais ou de parte delas, seguiríamos traballando por proxectos aínda que de maneira telemática. Para elo, xa desde o principio de curso, crearemos unha clase para a materia na aula virtual e formaremos ao alumnado no uso das ferramentas dixitais e plataformas como pode ser unha aula virtual Moodle.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A utilización de recursos variados proporciona calidade á actividade docente e favorece o rendemento do alumnado ao achegar os contidos por diferentes medios e canles educativos.

A continuación móstrase un listado dos recursos que se usarán nesta materia:

RECURSOS IMPRESOS: Extractos de libros, fotografías, mapas, Fichas de actividades, cadernos, artigos de prensa, ...

RECURSOS AUDIOVISUAIS: Escaner, Ordenador, Tablet, Encerado interactivo, fotocopidora e canón proxector.

RECURSOS DIXITAIS / T.I.C.: Ordenadores con internet, páxinas web, aplicacións de internet e ferramentas de ofimática (procesadores de texto, presentacións en diapositivas, editores de vídeos, etc.).

INSTRUMENTOS: Escaner, Teléfono móbil intelixente, cámara de fotos, ...

RECURSOS HUMANOS: Persoal dos arquivos, veciñanza e persoal do Concello de Vilaboa, profesoras do centro, membros de ONGs, asociacións e persoas expertas en educación para o desenvolvemento e consumo responsable,...

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación realizarase tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, centrándonos sobre todo nos estándares de aprendizaxe, que permiten definir os resultados da aprendizaxe, e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer. Para avaliar a materia poderanse utilizar os seguintes instrumentos:

- Rúbricas.
- Escalas de valoración.
- Anotacións procedementais derivadas da observación directa externa e participación en diferentes actividades como charlas ou conferencias, saídas didácticas, capacidade organizativa, presentación dos traballos, etc.....
- Presentación de traballos e tarefas feitas individualmente ou en equipo.
- Valoración do caderno de campo e de clase.

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

70% nota media da puntuación acadada en cada unha das actividades encomendadas + 30% nota do traballo na aula, participación nas actividades complementarias organizadas e integración no equipo de traballo, interese pola materia e implicación no proxectos de investigación en xeral.

Para que sexan puntuables, será obrigatorio que fagan entrega de todas as tarefas e actividades nos prazos establecidos.

A nota final do curso será a media das tres avaliacións. Para aprobar será necesario ter 5 puntos como mínimo. O alumnado que non acade dita puntuación deberá presentarse na convocatoria final de xuño.

Para acadar a superación da materia na convocatoria final de xuño deberá realizar e facer entrega, no día e hora asinado para a proba de avaliación da materia no calendario escolar, do traballo ou proxecto de investigación indicado pola profesora a principios do mes de xuño, e acadar unha puntuación mínima de 5.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O proceso de avaliación non só afecta ao alumnado, senón que a propia actuación docente debe ser igualmente obxecto de avaliación, permitindo ao profesorado reaxustar a súa intervención didáctica en función dos resultados.

Tamén será obxecto de avaliación continua o deseño da programación didáctica, valorando o grao de idoneidade dos aspectos que interveñen nela e axustándoos axeitadamente ás diversas necesidades do grupo de alumnos. Neste sentido terase en conta se a secuencia de aprendizaxe deseñada se corresponde co desenvolvemento desta na aula e, de non ser así, teremos que reflexionar e trataremos de adecuar o deseño ao contexto educativo.

Incluímos a continuación unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ao contexto da aula.	Adecúase parcialmente ao contexto da aula.	Adecúase completamente ao contexto da aula.	
Resultados da avaliación.	Non se conseguiron uns resultados satisfactorios na materia.	Conseguíronse uns resultados mellorables na materia.	Conseguíronse bos resultados na materia.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tras os resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tras os resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron as medidas adecuadas de atención á diversidade.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade para adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron todos os temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse todos os temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Materiais e recursos didácticos.	Os materiais e recursos didácticos utilizados non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foron adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foron parcialmente adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foron adecuados aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima de aula e de centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima de aula e de centro.	

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Non hai alumnado con esta materia pendiente.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado presenta unha gran variedade de personalidades, culturas, capacidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses, historias persoais e aprendizaxes previos. A importancia de atender adecuadamente a esta diversidade provoca a necesidade de considerar as seguintes medidas ordinarias co obxectivo de dar resposta ás particularidades do alumnado.

- Observarase de xeito continuo e individual a evolución dos alumnos e alumnas co obxectivo de tratar e atender a cada un, en función das súas necesidades educativas e sociais.
- A selección de principios metodolóxicos, agrupamentos, recursos e actividades será variada co fin de atender de maneira axeitada aos diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades, intereses e motivacións.
- Para a formación de grupos de traballo, farase fincapé non só na variedade de agrupamentos senón na homoxeneidade ou heteroxeneidade destes segundo resulte máis ou menos conveniente.
- Manterase contacto habitual cos titores do grupo e coa orientadora do centro para manterse asesorado, actualizado e informado sobre as diferentes situacións educativas e sociais dos alumnos e alumnas.
- Fomentarase a valoración positiva da diversidade étnica e cultural da aula como elemento enriquecedor do coñecemento.
- Para o alumnado que amose especial interés nalgunha das liñas de investigación previstas, serán propostas actividades e tarefas de afondamento e ampliación.

No caso de que as medidas ordinarias propostas non fosen suficientes para un desenvolvemento satisfactorio das capacidades dalgún alumno ou alumna, será necesario acudir ao Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos e valorar a posibilidade da aplicación de medidas extraordinarias.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O desenvolvemento da expresión oral e escrita e a exposición oral en público, así como a educación en valores, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación abordaranse dunha maneira transversal ao longo do curso.

De maneira xeral, establecemos as seguintes liñas de traballo.

- **Expresión oral:** os debates na aula, o traballo por grupos e a presentación oral dos resultados das investigación e traballos realizados son, entre outros, momentos a través dos cales os alumnos e alumnas deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas.
- **Expresión escrita:** coa elaboración de traballos de diversa índole (conclusións das investigacións, análise de información extraída, etc.)
- **Comunicación audiovisual e TIC:** como é natural nesta materia, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación estará presente en todo momento. O alumnado non soamente terá que facer uso das TIC para realizar traballos e investigar senón que deberá empregalas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes e avances, mediante a realización de presentación orais, escritas, audiovisuais,...
- **Educación en valores:** o traballo cooperativo e colaborativo, un dos pilares do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Será igualmente importante a valoración e coidado do noso Patrimonio inmaterial e material, a valoración crítica dos hábitos sociais e do consumo, así como o fomento do coidado do medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.
- **Emprendimento:** a sociedade actual demanda persoas que sepan traballar en equipo. Impulsaremos o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común, a valoración e o respecto das opinións dos demais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

- Obradoiros.
- Visita ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico do Arquivo Provincial da Deputación de Pontevedra.
- Conferencias e charlas informativas e de sensibilización relacionadas cos diferentes proxectos.
- Visitas culturais.
- Entrevistas a veciñas e veciños do concello de Vilaboa, a expertos especialistas nas diferentes temáticas,...

METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA NO CONTEXTO DA COVID-19.

As medidas a adoptar no suposto no que o alumnado teña que recibir ensino a distancia en períodos de peche dalgunha das aulas ou do centro, serán as que se ditan ao respecto nas Instrucións de inicio de curso aprobadas por resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional e nas instrucións do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos, para o curso 2022/2023.

Coa finalidade de ofrecer estabilidade ao alumnado, tratando de contemplar diferentes escenarios, no caso de corentenas ou confinamentos, seguiremos a seguinte folla de ruta elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos, para que todos eles poidan continuar co seu proceso formativo, a pesar das eventualidades que poidan xurdir, derivadas da actual crise sanitaria.

- **Mecanismos que se adoptarán para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

Os profesores responsables da materia serán os encargados de impartila e facer chegar ao alumnado, os vídeos explicativos, ligazóns de interese, contidos informativos e actividades propostas, preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, garantindo así a adquisición das aprendizaxes básicas. Para facilitar o traballo e que o alumnado non se sinta abrumado ante a presentación dos contidos, a información aparecerá organizada por

unidades ou títulos, de maneira clara e sinxela, dentro de cada aula virtual. Desde o inicio do curso escolar, coa maior brevidade posible, trataremos de familiarizar ao alumnado co funcionamento e xeito de traballo nunha aula virtual Moodle como a de EDIXGAL, e de explicarlle cal será a metodoloxía de traballo no caso dun posible confinamento posterior. A profesora realizará o seguimento do proceso formativo do alumnado e habilitará canles de comunicación entre eles para poder resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

De seren poucos os alumnos ou alumnas confinados, a atención poderá ser máis personalizada, e intentarase que sigan o ritmo de traballo dos seus compañeiros que asisten as clases presenciais, para que o seu proceso formativo no se vexa afectado por esta circunstancia. Deseñaranse tarefas e actividades de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación das aprendizaxes propostas que o alumnado deberá entregar subíndoas a través dos buzóns da aula virtual. Realizarase unha avaliación continua onde se avaliarán e valorarán principalmente os traballos entregados pero tamén o esforzo na realización das tarefas e o interese amosado no seguimento da actividade educativa desenvolvida neste período non presencial.

No caso de que a porcentaxe de alumnado confinado sexa elevada, traballaremos de xeito completamente telemático e o alumnado que asista ás clases no centro realizará as mesmas tarefas e proxectos que o confinado na casa, e irá subindo e entregando os seus traballos igualmente, a través dos buzóns da aula virtual. A maiores, programaremos 3 sesións de clase (reducidas ata un 40%), por videoconferencia, a través da plataforma Webex. Aproveitaremos estas sesións para correxir tarefas, aclarar contidos e resolver as dúbidas xurdidas ao alumnado cando realiza os traballos; aínda que tamén poderán contar coa posibilidade de recibir axuda e comunicarse coa profesora por correo electrónico, polo servizo de mensaxería da aula virtual de EDIXGAL, por Abalar móbil ou calquera outro medio que poida ser necesario en circunstancias especiais.

- No caso do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Unha vez detectado o alumnado que teña problemas de conexión ou falla de equipamento, adoptaremos as medidas necesarias para tratar de minimizar as eventuais dificultades con que nos atopemos. Trataremos de facerlle chegar os documentos, fichas de traballo, tarefas e actividades por outros compañeiros ou compañeiras, veciños, servizos sociais do Concello, correo ordinario ou calquera outro medio que sexa viable. De calquera xeito, cun pouco de esforzo, ao estarmos adheridos ao programa EDIXGAL, o noso alumnado non debería ter problemas coa ensinanza telemática, ao contar cada un deles cun ordenador portátil e amosarse familiarizado co traballo nas aulas virtuais.

RECURSOS HUMANOS, PROFESORADO

- Beatriz Martínez García

Departamento: Lingua Inglesa

- Miguel Trigo Fernández

Departamento: Bioloxía e Xeoloxía

Vilaboa, a 8 de setembro de 2023.